

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**15442** *Real decreto 1430/2009, do 11 de setembro, polo que se desenvolve regulamentariamente a Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguranza social, en relación coa prestación de incapacidade temporal.*

A Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguranza social, estableceu importantes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, en relación co réxime xurídico das prestacións económicas e, basicamente, no ámbito do subsidio por incapacidade temporal e das pensións de incapacidade permanente, xubilación, viuvez e orfandade. As novas normas legais rexen desde o día 1 de xaneiro de 2008, sen que a falta de desenvolvemento regulamentario impedise nalgúns casos a súa aplicación.

Porén, o expreso mandato efectuado ao Goberno para o mencionado desenvolvemento e, doutra parte, a necesidade de acoutar determinados aspectos da regulación legal da incapacidade temporal, aconsellaron elaborar este instrumento xurídico para incorporar nel aquelas precisións regulamentarias cuxa formulación se considerou máis urxente, no ánimo de propiciar a total aplicación da Lei xeral da Seguranza Social, no que se refire ás innovacións introducidas pola Lei 40/2007, do 4 de decembro, nesta materia, e para que isto se produza coa maior seguranza xurídica.

Basicamente regúlanse as comunicacións informáticas por parte dos servizos públicos de saúde ao se cumprir o décimo segundo mes nos procesos de incapacidade temporal, así como o desenvolvemento das competencias de control outorgadas ás entidades xestoras polo artigo 128.1 da Lei xeral da Seguranza Social, unha vez esgotado o período de doce meses de duración da situación de incapacidade temporal, xa que resulta moito máis operativo para as citadas entidades proceder, se é o caso, ao pagamento directo da mencionada prestación, co fin de evitar duplicidades ou falta de coordinación no pagamento que, ata ese momento, efectúa a empresa.

No último parágrafo do artigo 128.1.a) da Lei xeral da Seguranza Social, na redacción dada polo artigo 1 da Lei 40/2007, do 4 de decembro, indícase que no desenvolvemento regulamentario do citado artigo se regulará a forma de efectuar as comunicacións previstas nel, así como a obriga de pór en coñecemento das empresas as decisións que se adopten e que as afecten. A este propósito responde tamén o real decreto, regulando as comunicacións aos interesados que se encontran en procesos de incapacidade temporal, así como ás empresas en que prestan servizos, para a aplicación das modificacións incorporadas no procedemento de seguimento e control da mencionada situación a través da citada Lei 40/2007, do 4 de decembro.

Tamén a disposición adicional décimo novena da Lei 40/2007, do 4 de decembro, determina que regulamentariamente se regulará o procedemento administrativo de revisión, polo Instituto Nacional da Seguranza Social e por instancia do interesado, das altas que expidan as entidades colaboradoras nos procesos de incapacidade temporal. A isto únese a denominada determinación de continxencia que, aínda que xa a efectúan as entidades xestoras mediante un procedemento interno, non obstante, para efectos de aplicación da lei, cómpre o ditado dunha norma de categoría suficiente. Por isto, concrétese o inicio do procedemento polo interesado, as comunicacións á empresa, os efectos da alta emitida, as posibles actuacións da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social e a resolución do director provincial da entidade xestora competente coas distintas variantes de pronunciamentos que se poden dar.

En cumprimento do disposto na disposición adicional sexta da Lei 40/2007, do 4 de decembro, e na disposición adicional quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, o real decreto refírese ás reducións na

cotización á Seguranza Social, correspondente aos traballadores afectados por enfermidades profesionais nun grao que non dea orixe á prestación económica, que sexan destinados na mesma empresa a postos de traballo alternativos e compatibles co seu estado de saúde, ou desempeñen noutra distinta un traballo compatible co seu estado, co obxecto de interromper a desfavorable evolución da súa enfermidade.

O establecemento de tales reducións precisa, para a súa aplicación, do ditado das disposicións regulamentarias oportunas. En tal sentido efectúase esta normativa de desenvolvemento, que parece que se debe abordar con rapidez.

Na tramitación deste real decreto solicitáronse os informes oportunos aos interlocutores sociais e aos órganos afectados da Administración xeral do Estado.

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira sétima da Lei xeral da Seguranza Social e coa disposición derradeira segunda da Lei 40/2007, do 4 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de setembro de 2009,

#### DISPOÑO:

*Artigo 1. Comunicación informática por parte dos servizos públicos de saúde do cumprimento do décimo segundo mes nos procesos de incapacidade temporal.*

De conformidade co disposto no artigo 128.1.a), parágrafo segundo, da Lei xeral da Seguranza Social, unha vez esgotado o prazo de duración da incapacidade temporal de doce meses, o Instituto Nacional da Seguranza Social e o Instituto Social da Mariña serán os únicos competentes, nos seus respectivos ámbitos xestores, para recoñecer a situación de prórroga expresa, determinar a iniciación dun expediente de incapacidade permanente ou emitir a alta médica.

Para efectos da adecuada coordinación, o servizo público de saúde, cando expida o último parte médico de confirmación antes de se esgotar o referido prazo, comunicalle ao interesado no acto do recoñecemento médico que, a partir do dito momento, lle corresponde á entidade xestora competente o control da súa situación, circunstancia que porá en coñecemento dela mediante procedemento informático. En consecuencia, unha vez cumprido o prazo indicado, o servizo público de saúde non emitirá partes de confirmación da baixa médica. A entidade xestora correspondente nestes supostos efectuará as comunicacións que procedan ao interesado, á empresa, ao servizo público de saúde e, de ser o caso, ás entidades colaboradoras e ao Servizo Público de Emprego Estatal.

*Artigo 2. Pagamento da prestación económica por incapacidade temporal.*

1. A colaboración obrigatoria das empresas no pagamento da prestación económica por incapacidade temporal cesará o último día do mes en que a entidade xestora competente dítase a resolución en que se declare expresamente a prórroga desta situación ou a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, de conformidade co previsto no artigo 128.1.a) da Lei xeral da Seguranza Social.

2. Non obstante o disposto no número anterior, seguirán aboando a mencionada prestación nos supostos sinalados nel, ben ata a extinción da situación de incapacidade temporal ben ata a cualificación da incapacidade permanente, as empresas autorizadas para colaborar na xestión daquela e as corporacións locais respecto do persoal ao cal viñesen recoñecendo e aboando a prestación por incapacidade temporal, de conformidade coa disposición transitoria quinta do Real decreto 480/1993, do 2 de abril, polo que se integra no réxime xeral da Seguranza Social o réxime especial da Seguranza Social dos funcionarios da Administración local.

3. Cando se trate de traballadores que viñesen percibindo prestacións contributivas por desemprego e pasasen á situación de incapacidade temporal, nos casos regulados no artigo 222.3 da Lei xeral da Seguranza Social, o Servizo Público de Emprego Estatal

unicamente seguirá aboando a prestación económica por incapacidade temporal cando a entidade xestora declare a prórroga expresa da dita situación, en virtude das competencias establecidas no artigo 128.1.a) da mesma lei, co límite máximo da duración da prestación por desemprego.

**Artigo 3. *Procedemento de desconformidade coa alta médica emitida polas entidades xestoras.***

O procedemento de desconformidade coa resolución do Instituto Nacional da Seguranza Social ou, se é o caso, do Instituto Social da Mariña, que declare a extinción da incapacidade temporal por alta médica do interesado, previsto no artigo 128.1.a) da Lei xeral da Seguranza Social, axustarase ás seguintes regras:

Primeira.—O interesado poderá manifestar a súa desconformidade no prazo máximo dos catro días naturais seguintes ao da notificación da resolución.

Esta desconformidade recollerase no modelo aprobado para tal efecto pola correspondente entidade xestora, que estará á disposición dos interesados nas correspondentes páxinas web das ditas entidades.

Segunda.—A manifestación de desconformidade presentarse ante a inspección médica do servizo público de saúde. Así mesmo, poderase presentar perante algún dos órganos sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.—O interesado que inicie o procedemento de desconformidade comunicarllo á empresa no mesmo día en que presente esta desconformidade ou no seguinte día hábil.

Cuarta.—O Instituto Nacional da Seguranza Social ou, se é o caso, o Instituto Social da Mariña, e os servizos públicos de saúde débense comunicar reciprocamente, o antes posible, o inicio do procedemento de desconformidade así como todas as decisións que adopten no desenvolvemento do procedemento.

A entidade xestora competente, ben polos seus propios medios ou, de ser o caso, a través do servizo común, comunicará pola súa vez á empresa, o antes posible, todas as decisións que poidan afectar a duración da situación de incapacidade temporal do interesado.

Quinta.—As comunicacións entre as entidades xestoras, os servizos públicos de saúde e as dirixidas á empresa realizaranse preferentemente por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

**Artigo 4. *Procedemento administrativo de revisión das altas médicas expedidas nos procesos de incapacidade temporal.***

1. Fronte ás altas médicas emitidas polas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social e polas empresas colaboradoras, nos procesos de incapacidade temporal derivados de continxencias profesionais con anterioridade ao esgotamento do prazo de doce meses de duración desta situación, o interesado poderá iniciar, ante a entidade xestora competente, o procedemento administrativo especial de revisión da dita alta, de acordo co previsto nos seguintes puntos.

A tramitación do procedemento indicado debe ser considerado preferente pola entidade xestora, co fin de que se dite a resolución correspondente no menor tempo posible.

2. O interesado poderá instar a revisión da alta médica emitida pola entidade colaboradora a que se refire o punto anterior, no prazo dos catro días naturais seguintes ao da súa notificación, mediante solicitude presentada para tal efecto ante a entidade xestora competente, na cal manifestará os motivos da súa desconformidade coa dita alta médica. Á indicada solicitude, que estará dispoñible na páxina web das correspondentes entidades xestoras, e co fin de que a entidade xestora coñeza os antecedentes médico-clínicos existentes con anterioridade, xuntarase necesariamente o historial médico previo relacionado co proceso de incapacidade temporal de que se trate ou, se é o caso, copia da solicitude do dito historial á entidade colaboradora.

O interesado que inicie o procedemento de revisión comunicarllo á empresa no mesmo día en que presente a súa solicitude ou no seguinte día hábil.

3. A simple iniciación do procedemento especial de revisión suspenderá os efectos da alta médica emitida, debendo entenderse prorrogada a situación de incapacidade temporal derivada de continxencia profesional durante a tramitación do dito procedemento, manténdose, se é o caso, o aboamento da prestación na modalidade de pagamento delegado, sen prexuízo de que posteriormente se poidan considerar indebidamente percibidas as prestacións económicas da incapacidade temporal, nos termos previstos no número 8 deste artigo.

4. O Instituto Nacional da Seguranza Social ou o Instituto Social da Mariña, se é o caso, comunicarlle á mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social competente o inicio do procedemento especial de revisión para que, no prazo improrrogable de dous días hábiles, presente os antecedentes relacionados co proceso de incapacidade temporal de que se trate e informe sobre as causas que motivaron a emisión da alta médica. No caso de que non se presente a citada documentación, ditarase a resolución que proceda, tendo en conta a información facilitada polo interesado.

A mutua correspondente poderase pronunciar recoñecendo a improcedencia da alta emitida, o que motivará, sen máis trámite, o arquivo inmediato do procedemento iniciado polo interesado ante a entidade xestora.

5. Así mesmo, a entidade xestora competente comunicarlle á empresa o inicio do procedemento no prazo dos dous días hábiles seguintes ao da presentación da solicitude por parte do interesado. Cando o interesado lle presente á empresa parte médico de baixa emitido polo servizo público de saúde, aquela, co fin de coordinar as actuacións procedentes, deberá informar desta circunstancia o Instituto Nacional da Seguranza Social ou o Instituto Social da Mariña, con carácter inmediato.

Pola súa vez, cando o interesado solicite unha baixa médica derivada de continxencia común e do recoñecemento médico se desprenda a existencia dun proceso previo de incapacidade temporal derivada de continxencia profesional no cal se emitise unha alta médica, o servizo público de saúde deberá informar o interesado sobre a posibilidade de iniciar, no prazo dos catro días naturais seguintes ao de notificación da alta médica emitida pola entidade colaboradora, este procedemento especial de revisión e, ademais, con carácter inmediato comunicará á entidade xestora competente a existencia de dous procesos distintos de incapacidade temporal que puidesen estar relacionados.

Nestes casos, iniciárase o aboamento da prestación de incapacidade temporal por continxencias comúns ata a data de resolución do procedemento, sen prexuízo de que cando a alta expedida pola mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social non produza efecto ningún, esta deba reintegrarlle á entidade xestora a prestación aboada ao interesado e a este a diferenza que resulte ao seu favor.

6. O director provincial competente da entidade xestora correspondente ditará, no prazo máximo de quince días hábiles contados desde a presentación da documentación por parte da entidade colaboradora, a resolución que corresponda, logo do informe preceptivo do equipo de valoración de incapacidades, que debe examinar e valorar o caso concreto.

7. A resolución que se dite determinará a data e efectos da alta médica ou o mantemento da baixa médica e fixará, se é o caso, a continxencia de que deriva o proceso de incapacidade temporal, así como, de ser o caso, a improcedencia doutras baixas médicas que puidese ter emitido durante a tramitación do procedemento especial de revisión o servizo público de saúde. En consecuencia, o procedemento terminará con algún dos seguintes pronunciamentos:

a) Confirmación da alta médica emitida pola mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social e declaración da extinción do proceso de incapacidade temporal na data da mencionada alta.

b) Mantemento da situación de incapacidade temporal derivada de continxencia profesional, por considerar que o interesado continúa con doenzas que lle impiden traballar. Por tanto, a alta médica emitida pola entidade colaboradora non producirá ningún efecto.

c) Determinación da continxencia, común ou profesional, de que derive a situación de incapacidade temporal, cando coincidan procesos intercorrentes no mesmo período de tempo e, por tanto, existan distintas baixas médicas. Así mesmo, fixaranse os efectos que correspondan, no proceso de incapacidade temporal, como consecuencia da determinación da continxencia causante.

d) Cando o interesado recupere a capacidade laboral durante a tramitación do procedemento, poderase declarar sen efectos a alta médica emitida pola entidade colaboradora por considerala prematura. Nestes casos, a resolución determinará a nova data de efectos da alta médica e de extinción do proceso de incapacidade temporal.

8. Cando a entidade xestora competente confirme a alta médica emitida pola entidade colaboradora ou estableza unha nova data de extinción da situación de incapacidade temporal, consideraranse indebidamente percibidas as prestacións económicas da incapacidade temporal, derivada de continxencias profesionais, que se lle aboasen ao interesado a partir da data establecida na resolución.

9. As comunicacións efectuadas entre as entidades xestoras, a entidade colaboradora, o servizo público de saúde e a empresa realizaranse preferentemente por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que permitan a maior rapidez na información.

10. Se, durante a tramitación deste procedemento especial de revisión, se cumpre o prazo de doce meses de duración da situación de incapacidade temporal, a entidade xestora competente resolverá de conformidade co previsto no artigo 128.1.a) da Lei xeral da Seguranza Social.

11. O aboamento da prestación de incapacidade temporal durante a tramitación deste procedemento especial será incompatible coas rendas derivadas do exercicio da actividade profesional.

12. As resolucións emitidas pola entidade xestora, no exercicio das competencias establecidas neste artigo, poderanse considerar ditadas cos efectos atribuídos á resolución dunha reclamación previa, de conformidade co disposto no artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, o que se fará constar na resolución que se dite.

*Artigo 5. Reducións de achegas empresariais á Seguranza Social en caso de traslado dun traballador con enfermidade profesional a un posto compatible co seu estado.*

1. Cando os traballadores, aos cales se lles diagnosticase unha enfermidade profesional nun grao que non dea orixe á prestación económica, sexan trasladados a un posto de traballo alternativo e compatible co seu estado de saúde, con obxecto de interromper a desfavorable evolución da súa enfermidade, as achegas empresariais á cotización á Seguranza Social por continxencias comúns serán obxecto dunha redución do 50 por cento.

En idénticas situacións de diagnóstico, aplicarase a mesma redución nos casos en que os traballadores con enfermidade profesional sexan contratados por outra empresa, diferente daquela en que prestaban servizos cando se constatou a existencia desta enfermidade, para desempeñaren un posto de traballo compatible co seu estado de saúde.

2. A existencia da enfermidade profesional acreditarase mediante certificación do correspondente equipo de valoración de incapacidades do Instituto Nacional da Seguranza Social.

A constatación da compatibilidade do novo posto de traballo co estado de saúde do traballador será efectuada pola Inspección de Traballo e Seguranza Social.

Disposición adicional única. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

As referencias aos servizos públicos de saúde que se conteñen neste real decreto débense entender realizadas ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria no ámbito das cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial habilitante.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse o ministro de Traballo e Inmigración e o ministro de Sanidade e Política Social para ditaren cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de setembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES